

## O día de Rosalía non anima as vendas de obra galega na Mariña

Os libeiros mariñáns consideran positiva toda iniciativa cultural pero a incidencia da efeméride nas vendas é irrelevante

[J. ALONSO](#) 25 de febreiro de 2016. Actualizado a las 05:00 h.



Onte, aniversario do nacemento de Rosalía de Castro (1837, Padrón), celebrouse o día da máis sobranceira figura da literatura galega. Houbo actos en diferentes vilas da Mariña, pero o seu efecto nas vendas das librarías mariñáns foi irrelevante, testemuñal. Os libeiros mariñáns consideran positiva toda iniciativa que contribúa a dinamizar a cultura, pero non comparten a idea da AELG (Asociación de

Escritores en Lingua Galega) de institucionalizar o 25 de febreiro como Día de Rosalía de Castro, ao estilo do San Jordi de Cataluña (23 de abril). Din quen para iso xa está o Día das Letras Galegas e reivindicán que a administración galega non o declare festivo, pois pensan que iso contribúe a que moitos galegos se vaian de Galicia aproveitando que non se traballa e, precisamente por elo, non mercan ese día libro galego.

«Penso que é mellor potenciar o que temos, o Día das Letras Galegas, máis que diversificar, iso sen discutir nunca a importancia de Rosalía como a figura máis importante das letras en galego», sinalan dende a Librería Bahía de Foz.

Dende Gráficas Santiago, en Ribadeo, Andrés López-Santos Santiago incide en que a figura de Rosalía é moi coñecida e que en case todas as casas hai libros dela, de aí que non se note nas vendas da súa obra.

Respecto á obra en galego, como os responsables de outras librarías mariñáns, dende Gráficas Santiago din que as maiores vendas danse para o público infantil, polas lecturas recomendadas nos colexios. A partir dos 10 anos, a baixada nas vendas é moi destacada, aínda que como opinan na librería Porta da Vila de Viveiro, «a obra en galego sempre ten o seu público».

Gráficas Santiago. En Ribadeo, no Día das Letras Galegas xa se desenvolve a iniciativa como no San Jordi catalán de agasallar con unha flor a quen merca un libro en galego. Opinan que o Día de Rosalía non incide nas vendas, tamén porque cadra a final de mes e porque as vendas en galego seguen sendo moi inferiores ás de castelán. foto miguel

Porta da Vila. «O día de Rosalía non se nota nas vendas de libro galego. O certo é que falamos de unha figura moi coñecida e xa hai libros dela en case todas as casas. O ano pasado si se vendeu moito un novo traballo, o Rosalía pequeniña», din dende a librería viveirense. «Pero o libro galego sempre ten o seu público», conclúen. foto p. l.

Librería Nobel. «Estas últimas semanas estiveron vindo dos institutos, pero hoxe solo veu unha persoa», din. «En infantil as vendas en galego son notables, pero en adultos baixan», engaden. E sobre institucionalizar o día de Rosalía, conclúen: «Xa está o Día das Letras Galegas».

Librería Bahía. «Se xa no Día das Letras Galegas costa, pois o día de Rosalía, que é menos nomeado, é máis difícil, aínda que se note algo», explican dende a Librería Bahía. «A obra de libro en galego non vai a peor, pero tampouco se pode dicir que se observe un repunte», engaden.